



Ponte deume

BANDO

**ELECCIONS AO PARLAMENTO EUROPEO
DO 09.06.2024**

EXPOSICIÓN DO CENSO ELECTORAL

Tendo en conta a publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE) nº 93 de 16.04.2024 do *“Real Decreto 363/2024, do 9 de abril, polo que se convocan eleccións de deputados e deputadas ao Parlamento Europeo”*

Enlace á convocatoria:

<https://www.boe.es/boe/dias/2024/04/16/pdfs/BOE-A-2024-7479.pdf>

O Concello pon en coñecemento de toda a cidadanía que o Censo electoral para consultas e/ou reclamacións estará exposto ao público na Secretaría Municipal, en horario de 09 a 14h, durante o período seguinte:

- Do 22 ao 29 de abril de 2024.

Para a consulta dos datos de inscrición, a identificación dos/as interesados/as realizarase do seguinte modo:

- D.N.I., pasaporte ou permiso de conducir.

Durante o mesmo período estará a disposición de aqueles/as electores/as interesados/as o impreso de solicitude de exclusión das copias do censo



electoral, que se entregarán á representación das candidaturas proclamadas para o envío da propaganda electoral.

A solicitude de exclusión é un trámite que poden realizar os/as electores/as de modo permanente, tanto dentro dun período electoral coma fóra del e os que a soliciten non máis tarde do 29 de abril, non recibirán propaganda electoral nestas eleccións. Se a solicitude se realiza posteriormente, terá efecto nas seguintes eleccións.

As consultas e reclamacións ao censo electoral, así como a solicitude de exclusión sinalada anteriormente, pódense facer, tamén, de xeito telemático na páxina do Instituto Nacional de Estatística (INE):

[https://sede.ine.gob.es/ss/Satellite?
c=Page&cid=1254734719739&p=1254734719739&pagename=SedeElectronica%2FSELayout&lang=gl_GL](https://sede.ine.gob.es/ss/Satellite?c=Page&cid=1254734719739&p=1254734719739&pagename=SedeElectronica%2FSELayout&lang=gl_GL)

Os teléfonos de información da delegación provincial da Oficina do Censo Electoral para os/as electores/as son os seguintes:

900.343.232.(gratuíto)

981 217 439

Enlace de interese do procedemento electoral:

<https://info.eleccioneseuropas2024.es/gl/>

Documento asinado dixitalmente por Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde presidente, en Ponte deume a 16 de abril de 2024.